



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA A REALIZACIÓN DO CONGRESO INTERNACIONAL “EMILIA PARDO BAZÁN, 100 ANOS DESPOIS”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Real Academia Galega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e a Real Academia Galega para a realización do Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Real Academia Galega consideran de interese público realizar accións conxuntas con motivo da conmemoración do centenario do pasamento en Madrid de Emilia Pardo Bazán.

A Real Academia Galega, titular da “Casa-Museo Emilia Pardo Bazán”, como herdeira, por legado testamentario de Blanca Quiroga Pardo-Bazán, da casa da escritora, co seu mobiliario





e obxectos, da súa biblioteca e o seu arquivo, que se custodia na súa sede de Tabernas, 11, pretende sumarse aos actos que en Galicia conmemorarán ese centenario, organizando un Congreso Internacional “Emilia Pardo Bazán, 100 anos despois”, continuación dos Simposios e Congresos que, promovidos pola RAG, tiveron lugar en A Coruña en 2004, 2005, 2006, 2007 e 2008.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar baseadas en criterios obxectivos, non é posible promover a concorrência, polas especiais características da entidade coa que se convenia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

